



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 25 DE ABRIL DE 2019.

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

D^a M^a Xose Alfonso Torres (CxG)

CONCELLEIROS/AS:

D. Jose Manuel Quintela Fernández,(CxG)

D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)

D^a M^a Inés Monteagudo Romero (PP)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

D^a Alianza Uhía Patiño (PP)

D. Jose Vázquez Rama (PP)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

D^a M^a del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

INTERVENTOR

D. Fernando Vicente Abraldes Rois

SECRETARIA

XERAL

D^a María Ofir Aboy García

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

Intervén a Sra. Alcaldesa que da a boas noites a todos os presentes e empeza a dicir que antes de nada e como cuestión previa ó pleno quería dicir dúas cousas. Primeiro informar dun tema moi importante para o concello que é a situación da gardería infantil privada que hai no termo municipal e comentar tamén sobre a situación dos veciños e veciñas que veñen por unha situación que está ocorrendo no



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

entorno do bar tres portas, que se lle pediu intervir no pleno e que poderán intervir e dicir todo o que queiran e dita intervención se fará ó final do pleno.

Con respecto á gardería dicir como cuestión previa que se reuniron con ela un grupo de pais e nais afectados e o BNG presentou unha moción para ser incluída no pleno e non está incluída na orde do día por dúas cuestións: Porque foi presentada cando xa estaban convocadas as comisións informativas e outra porque a secretaria di nun informe que se lle solicitou que o contido da moción é realmente un rogo, e polo tanto no momento de rogos e preguntas pódese falar do tema e dicir o que se queira ao respecto.

En calquera caso a moción instaba ao grupo de goberno a que faga as xestións oportunas para que se teña un punto de atención á infancia. Quere dicir que se está traballando para intentar arranxar este problema. Como punto de atención á infancia só sería posible como complemento á escola infantil de 0 a 3 que hai en Esteiro para o que se require colaboración da Consellería de servizos sociais da Xunta de Galicia. E por iso se está traballando en dúas liñas. Unha intentar conseguir unha nova escola infantil de 0 a 3 anos, un punto de atención infantil complementario, e doutra banda ver a posibilidade de dar axudas as familias e a propia gardería privada.

Intervén a concelleira González Cerviño que pregunta se non habería a posibilidade de si están todos os grupos de acordo que se inclúa como moción de urxencia cas modificacións que correspondan a moción do BNG.

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG García Fernández para dicir que os veciños presentaron un documento e que sexa ese o que se presente como moción.

Intervén a alcaldesa para dicir que se tratará este asunto no punto de mocións.

Intervén a secretaria da corporación, para dicir que como está redactada a moción, non podería tratarse ao ser unha competencia propia da alcaldía, que é quen debe tramitar o expediente e polo tanto debe tramitarse en todo caso coma un rogo e o que si se podería facer é instar á Xunta de Galicia para que, unha vez feitos todos os trámites legalmente previstos se poida acadar ter un punto de atención infantil no concello de Muros.

Pregunta a alcaldesa se se pode tratar o asunto neses termos no punto de mocións urxentes, dicindo a secretaria que si, a alcaldesa di que se tratará este asunto no punto de mocións urxentes.

I.- PARTE DISPOSITIVA

1º Aprobación da acta da sesión anterior (30/03/2019)

Intervén a alcaldesa quen pregunta se hai algunha observación que facer á acta da sesión anterior.

Intervén a Sra Monteagudo Romero para dicir que vota en falta que no punto 2 a moción que se presentou polo seu grupo non aparece na acta, e lle gustaría que si pode ser se anexe a moción a dita acta.

Se aproba por unanimidade a aprobación da acta anterior establecendo que se incluía na acta como anexo a Moción presentada polo grupo municipal popular.

2 Rectificación de erros na Ordenanza Fiscal nº1 Reguladora do Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras do concello de Muros. aprobada inicialmente en sesión de 27 de setembro de 2018. (Expediente 2113/2018)



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Procede directamente a Alcaldesa a leer o ditame que é o seguinte:

Expediente núm. 2113/2018.

Órgano destinatario. Pleno da Corporación.

Procedemento. Rectificación de erros

Asunto. Rectificación de erros na Ordenanza Fiscal nº1 Reguladora do Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras do concello de Muros aprobada inicialmente en sesión de 27 de setembro de 2018

*Visto que o **Pleno municipal** aprobou inicialmente, En data 27 de setembro de 2018 a modificación da Ordenanza Fiscal nº1 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do concello de Muros*

Consta no expediente que durante o prazo de información pública e audiencia aos interesados non se presentaron reclamacións ou suxestión, polo que o acordo provisional se entende definitivamente adoptado

Observado un erro material no texto do artigo 8.2 da Ordenanza aprobada inicialmente

De acordo co disposto no artigo 109 da Ley 39/2015 sobre rectificación de erros que establece:

“2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Antes do proceder á publicación íntegra da modificación da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia procede adoptar polo pleno da corporación a rectificación de erro detectado

Onde di:

8.2 Una bonificación de ata o 90% (90 por cento) a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan ás condicións de acceso á habitabilidade de discapacitados

Debe dicir:

8.2 Una bonificación de o 90% (90 por cento) a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan ás condicións de acceso á habitabilidade de discapacitados

Polo exposto

O pleno da corporación adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

PRIMEIRO: *Rectificar o erro material detectado no acordo de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras aprobado inicialmente polo pleno do concello en sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2018, no disposto no artigo 8.2 da Ordenanza.*

onde di: 8.2 Una bonificación de ata o 90% (90 por cento) a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan ás condicións de acceso á habitabilidade de discapitados

Deberá dicir:

8.2 Una bonificación de o 90% (90 por cento) a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan ás condicións de acceso á habitabilidade de discapitados

SEGUNDO: *Publicar o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal reguladora no **Boletín Oficial da Provincia** ca rectificación de erros efectuada aos efectos da entrada en vigor da mesma.”.*

Dí a Sra. Alcaldesa que se trata de rectificar un erro que había na ordenanza para que reflexa o que verdadeiramente se aprobou no pleno que é unha bonificación de o 90% e non de ata o 90%

Intervén a Sra. Monteagudo Romero que dí que efectivamente no mes de setembro se trouxo a este pleno unha moción ao grupo do goberno para incluír na modificación da ordenanza unha bonificación de o 90 por cento a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan ás condicións de acceso á habitabilidade de discapitados e parece que houbo un erro, que se corrixa canto antes xa que o que lles chama a atención que se tardara tanto en facelo

Intervén o Sr. García Fernández que dí que tamén votarán a favor e que non se entende a dilación en facer esta corrección

Intervén a Sra. Alcaldesa que di que tróuxoche cando estivo todo preparado e detectaron o erro en intervención.

Sometido o ditame a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: Grupo municipal Compromiso por Galicia (D. María Xosé Alfonso Torres. D. Jose Manuel Quintela Fernández, D. Jose Antonio Uhía Martínez)
Grupo municipal Partido Popular (D^a M^a Inés Monteagudo Romero , D. José Ángel Hermida Simil, D^a Alianza Uhía Patiño, D. Jose Vázquez Rama)
Grupo municipal BNG (D. Manuel María García Fernández (BNG)
D^a Paula Simal Mayo (BNG)



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Abstencións: Grupo municipal socialista (D^a Sandra Maneiro Pais D^a Caridad González Cerviño, D. Enrique Riomayor Caamaño, D^a M^a del Rosario Fernández Piñeiro)

En consecuencia queda aprobado o ditame de rectificación de erros na Ordenanza Fiscal n^o1 Reguladora do Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras do concello de Muros, aprobada inicialmente en sesión de 27 de setembro de 2018. (expediente 2113/2018) nos termos que foi presentado

3 Recoñecemento extraxudicial de obrigas correspondentes a gastos en bens correntes e servizos realizados no exercicio 2018 e 2019 por importe de total de 78.499,04 euros. (Expediente 690/2019)

Procede directamente a Alcaldesa a leer o ditame que é o seguinte:

Expediente núm. 690/2018.

Órgano destinatario. Pleno da Corporación.

Procedemento. Recoñecemento extraxudicial de obrigas

Asunto. Recoñecemento extraxudicial de obrigas correspondente a gastos en bens correntes e servizos realizados no exercicio 2018 e 2019 por importe total de 78.499,04 euros (expediente 690/2018)

Vista a relación de facturas núm. F/2019/12 por importe total de 18.536,47 euros correspondentes a gastos realizados no exercicio 2018 con dotación orzamentaria comunicados e xustificados no 2019 a través da plataforma de facturación, comezando pola factura núm. 28/A9U1/050844 por importe de 29,68 euros emitida por Telefónica Móviles España, S.A., e rematando pola factura núm. 136 por importe de 1.554,40 euros emitida por Ignacio Benedeti Cinema, S.L.

Vista a relación de liquidacións núm. F/2019/41 por importe de 39.751,64 euros correspondente a liquidación núm. LM/12.18 practicada e xustificada o 28/12/2018 e emitida pola Mancomunidade de Concellos Serra da Barbanza.

Vista a relación de facturas núm. F/2019/16 por importe total de 20.497,40 euros correspondentes a gastos realizados no exercicio 2019 sen dotación orzamentaria correspondente a factura núm. 9 emitida por Tomás Caamaño Sendón.

Considerando que o artigo 92.1. do RD 500/1990, do 20 der abril, establece que os créditos de gastos que a 31 de decembro non este afectados ao cumprimento de obrigacións quedarán anulados de pleno dereito, cas excepcións contidas no artigo 182 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que por trátase de servizos esenciais efectivamente prestados e que, sen prexuízo de incoar o expediente de contratación suxeito as normas contidas na Lei de Contratos do Sector Público, procede recoñecer a obriga e posterior ordenación do pago polo órgano competente en atención a doutrina do enriquecemento inxusto da Administración pública, que permite desprazar a lexislación dos contratos públicos e amparar ao contratista no recoñecemento dos seus dereitos de créditos e que se recolle na xurisprudencia do TS, en particular na sentenza emitida pola Sala do Contencioso –administrativo o 12/12/2002.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Considerando o establecido nas seguintes disposicións de aplicación:

- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da LRFL.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL.
- RDL 781/1986, do 18 de abril TRRL.
- RD 500/1990, do 20 de abril.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de Execución do Orzamento Municipal de 2015 prorrogadas no 2019.

Visto o informe de Intervención núm. 88/2019 do 11/04 formulando reparo suspensivo da tramitación do expediente ao amparo do establecido no artigo 216.2.a) do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo pola que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sendo competencia do Pleno a resolución da discrepancia formulada.

Considerando que está acreditada a existencia de dotación orzamentaria no exercicio corrente para a totalidade dos gastos considerados neste expediente mediante os RC multiaplicación núm. 220190000660, núm. 220190001893 e núm. 220190001894 pendentes de autorizar e dispoñer nas correlativas aplicacións de imputación do orzamento municipal de 2015 –prorrogado no 2019 por importe total de 78.499,04 euros.

Considerando que as as facturas e xustificantes cumpren os requisitos formais e materiais previstos no artigo 6 do RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e que os gastos están conformados na súa totalidade polo órgano de xestión, acreditándose a efectiva realización da obra, prestación do servizo ou entrega da subministración de conformidade co establecido no artigo 59 do RD 500/1990, do 20 de abril.

Considerando que en virtude do establecido no artigo 60.2. do RD 500/1990, do 20 de abril, será competencia do Pleno o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operación especiais de crédito ou concesións de quita e espera.

O pleno da corporación adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Primeiro. Resolver a discrepancia formulada pola Intervención municipal con data 11/04/2019, deixando sen efecto o carácter suspensivo do reparo formulado e por conseguinte aprobar o expediente núm. 690/2019 de recoñecemento extraxudicial de créditos e recoñecer obrigas a favor dos acredores e polos importes recollidos no expediente da súa razón, que deberá anexarse ao acordo

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que este é o noveno recoñecemento de crédito que se leva ao pleno nesta legislatura. Que son uns seiscientos mil euros en pagos. Como en ocasións anteriores non aproban a xestión do goberno e polo tanto non van a votar a favor e que non hai nada novo na xestión de compromiso por Galicia nestes catro anos

Intervén a Sra. González Cerviño quen di que por coherencia tampouco van a votar a favor, que están cansados de repetir aquí que o problema é a falta de presuposto e que por iso se chega a estas alturas así e parécelle moi atrevido tratar de aprobar no último pleno practicamente, facturas por importe de 78.499.04 euros cando o seu grupo sempre preguntou se era o último e sempre se dicía que sí, a última vez o dixo o señor interventor, que non tiña mais coñecemento de facturas, e que o creen porque seguramente non se lle pasara. Co cal isto é cuestión e que espera que o próximo goberno aprrobe un presuposto e se poda arranxar este tipo de desamaños que a alcaldía deixou.

Intervén o Sr. García Fernández quen di que no podía ser que no último pleno ordinario non viñera un clásico como é un REC, isto mostra o que leva dicindo toda a oposición nestes catro anos reclamando que é pola falta de xestión que tivo a carteira de facenda para poder conseguir facer uns orzamentos. Que se falou se era por mor de secretaria, de intervención, que todo é entendible pero non pode ser que en catro anos marchemos sen ter uns orzamentos aprobados. Por coherencia nos, como todas as veces van a votar a favor. Que queren que quen traballa para o concello e presenta facturas poda cobralas

Intervén a Sra. Alcadesa que di que trátase de aprobar as facturas de quen fixo os traballos, que está todo correcto, que teñen cartos e que queren pagar e por iso se trae ao pleno.

Sometido o ditame a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: Grupo municipal CXG (D. María Xosé Alfonso Torres. D. Jose Manuel Quintela Fernández, D. Jose Antonio Uhía Martínez) Grupo municipal BNG (D. Manuel María García Fernández Dª Paula Simal Mayo)

Abstencións: Grupo municipal Partido Popular (Dª Mª Inés Monteagudo Romero , D. José Ángel Hermida Simil, Dª Alianza Uhía Patiño, D. Jose Vázquez Rama)

Votos en contra: Grupo municipal socialista (Dª Sandra Maneiro Pais Dª Caridad González Cerviño, D. Enrique Riomayor Caamaño, Dª Mª del Rosario Fernández Piñeiro



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En consecuencia queda aprobado o ditame Recoñecemento extraxudicial de obrigas correspondentes a gastos en bens correntes e servizos realizados no exercicio 2018 e 2019 por importe de total de 78.499,04 euros. (Expediente 690/2019) nos termos que foi presentado

4 Aprobación inicial das bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións á entidades para a realización de actividades culturais. (Expediente 534/2019)

Procede directamente a Alcaldesa a leer o ditame que é o seguinte:

Expediente núm. 534/2019.

Órgano destinatario. Pleno

Procedemento. Aprobación bases reguladoras subvencións

Asunto: Aprobación inicial das bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións á entidades para a realización de actividades culturais

Redactadas, seguindo as indicacións de subsanación do informe de Secretaría do 19/03/2019 e de Intervención núm. 89/2019 do 12/04, as bases que rexeran a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais.

Visto, igualmente o Informe-proposta da Secretaría Xeral de data 12/04/2019 en relación co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, relativo ao procedemento de aprobación polo Pleno da Corporación de disposicións de carácter regulamentario.

Considerando o establecido nas seguintes disposicións legais de aplicación:

- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da LRFL.*
- Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL*
- RDL 781/1986, do 18 de abril TRRL*
- RD 500/1990, do 20 de abril.*
- RD 2568/1986, do 28 de novembro, ROF*
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- Ley 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.*



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- *Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

- *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Acreditada a existencia de saldo de RC núm. 220190001947 por importe de 13.100,00 euros destinados a atender a autorización, disposición e recoñecemento da obriga subvencións que se soncedan, previa convocatoria polo órgano competente, quedando acreditado o cumprimento dos principios de especialidade cualitativa e cuantitativa dos créditos de gastos do artigo 172 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

Primeiro. *Aprobar inicialmente as bases reguladora que rexeran a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais, que se recollen como documento no informe proposta que foi ditaminado e que deberá incorporarse ao acordo plenario como anexo ao acordo.*

Segundo. *Proceder, mediante inserción de anuncio no BOP, a apertura do trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, e posterior resolución das presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno da Corporación. No caso de que non fora presentada ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, entrando en vigor a partir do día seguinte ao da publicación do texto íntegro no BOP.*

Intervén a Sra. Monteagudo Romero que dí que en varias ocasións se falou da necesidade de contar cun plan estratéxico de subvencións e o certo é que o que lles sorprende cal é a intención do goberno traer a este último pleno ordinario esta proposta que non saben se o que pretenden é contestar as reiteradas preguntas formuladas sobre as axudas a asociacións ou que lles entrou unha ansia traballadora. Se o que pretendían era contestar se quedan moi cortos porque quedan moitas cousas sen contestar e se o que lles entrou é a ansia mellor sería facer o plan estratéxico porque a partir de ahí se desenvolverían as distintas liñas pero iso requiría a práctica dun diálogo constante e dunha transparencia que o goberno non fixo ó longo deste tempo.

En canto as bases en si, che chama a atención algunha cuestión. No punto cuarto con respecto ás solicitudes pensan que se fai referencia a documentación que se ten que presentar, cif, estatutos, nif do representante e certificación bancaria que xa está no concello, entregar de novo a documentación é unha reiteración e unha duplicidade ter que entregala de novo salvo que haxa cambios. Entende que tamén lles parece preciso engadir un certificado da composición da Xunta Directiva e de número de persoas asociadas á entidade. No punto 4.1.1 no informe de secretaría se fala que a presentación da solicitude levará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de seguridade social e facenda pero non sabemos se iso se reflexa nos modelos, porque na documentación que se lle enviou non se veía pero que nas bases dende logo que non se reflexa.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

No punto seis das bases, criterios de outorgamento das subvencións non lle queda nada claro quen emite o informe ao que se refire o punto 6.1.1. se é a comisión de valoración ou é outra comisión.

Por último hai unha cuestión que lles preocupa bastante e que no punto 6 1..2 se fala de persoas beneficiadas pola actividade ou investimento pero nos gastos subvencionables se fala de programas e actividades e isto pode dar lugar a confusións importantes de se se pode xustificar ou non. Non sabemos se a convocatoria é so para actividades ou tamén para investimentos porque non está claro e lles gustaría antes de tomar unha decisión que se lle aclaren estes temas.

Intervén a Sra González Cerviño para dicir que atopan que estas bases e como non facer nada porque como ben apunta a voceira do grupo municipal popular están cheas de erros, que non valen, que hai moitas deficiencias, e vai a haber moitos problemas e que isto o había que facer con calma e vendo as propostas e necesidades dos grupos culturais e deportivos. Cree que isto que se presenta é un corte e pega e que non se adapta ás necesidades do concello de Muros e polo tanto debería deixarse enriba da mesa e facelo a modo porque é moi importante facer unha redistribución das subvencións a todos os grupos que constan no rexistro do concello.

Intervén o Señor García Fernández que di que eles entenden que isto debería xa estar aprobado fai tempo pero que a súa postura é que se aprobe canto antes e que as entidades poidan acceder ás subvencións .

Intervén a alcaldesa que contesta dicindo á portavoz do grupo popular que son subvencións para actividade e non para investimento e polo tanto se elimina a referencia a investimento

Intervén por segunda vez a Sra Monteagudo Romero que pregunta si o feito de aprobar as bases non significa que se vaia a convocar as subvencións e reitera a importancia que ten a non presentación de documentación xa existente no concello, o tema das autorizacións para conseguir as certificacións e a aclaración dos gastos que son subvencionables debería aclararse que non se sabe moi ben que se ten que xustificar

Responde a alcaldesa que o que se lle comentaba das subvencións deportivas, están feitas as bases e fiscalizadas por intervención que xa dixo algúns cambios que se tiña que facer nelas e están pendentes de que se fagan eses cambios e polo tanto estas bases son so para actividades culturais.

En canto a duplicidade na documentación si é posible que algo que xa está presentado non o teñan que volver a presentar farase así porque non ten sentido facer o mesmo papeleo continuamente

Volve a intervenir a Sña Monteagudo dicindo que nas bases non se fai referencia ao rexistro de asociacións que existe no concello e que saben que está operativo e actualizado e que a estas bases había que dedicarlle un pouco mais de tempo para que quede mellor, e que hai bastantes cousas que pulir pero que o goberno insiste en levalo a votación e que non sabe si vai a haber máis confusión e non sabe se vai a existir algunha asociación que vaia a poder xustificar unha subvención con esta normativa tan xenérica e se precisa pulir o que é os gastos subvencionables, o tema das autorizacións e o tema de quen é a comisión avaliadora porque non lle contestaron a nada diso.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a alcaldesa dicindo que as bases foron feitas en base as dos últimos anos e seguen o modelo das bases aprobadas nos últimos anos e se modifican segundo as consideracións que fan tanto secretaría como intervención e as mesmas funcionaron e non causaron especial problemas e os que houbo foron consecuencias dos cambios en intervención porque requerían distinta documentación para poder xustificar pero que se non houbo problema nestes anos tampouco debería de habelo neste. A alcaldesa neste intre dalle a palabra ao señor interventor para que informe á corporación.

Intervén o señor interventor para dicir que en principio dicir que as bases poderían ter sido redactadas dunha forma máis sistemática que iso é evidente e nos informes de secretaria e intervención o que se fai constar son aquelas cuestións que consideramos que eran substantivas e que deberían de figurar necesariamente. E que o órgano competente ten a vontade de impulsar o procedemento e que se tratou de que os redactores do documento se adaptaran a eses criterios que se fixeron nos informes de secretaría e intervención salvo ese error que detactou a portavoz do partido popular de cal é o gasto subvencionable que soamente pode ser gasto corrente e non pode ser investimento porque senón habería un incumprimento do principio de especialidade cualitativa e cuantitativa porque a dotación orzamentaria, o capítulo catro de gastos, só establece gasto corrente. Salvo ese error dende o punto de vista de intervención e a reserva doutro criterio máis fundado en dereito entende que cumpre os requisitos sustantivos para proceder a súa aprobación todo elo sin perxuízo de que aquelas disposicións de carácter xeral que poden ser de aplicación directa como é o que indica a Lei de Procedemento administrativo Común que di que toda aquela documentación que xa está en poder da administración non hai obriga por parte do interesado o ter que volver a aportala e como dí sería de aplicación directa con independencia do que podan dicir as bases.

A Sra Monteagudo Romero pide permiso a presidencia para intervir e di que 65 puntos dos criterios para a puntuación son avaliábeis e aínda non saben quen fai esa valoración e non ten claro quen fai ese informe de valoración.

Intervén a señora alcaldesa para dicir que eses informes de valoración o habitual e que o faga o persoal técnico do departamento, cultura neste caso e o que establece o artigo 11 das bases e o comité de avaliación sobre o informe de valoración realizado.

Intervén a Sra González Cerviño para dicir que segue insistindo a vista da intervención da voceira do partido popular e a contestación da alcaldesa que o asunto quede enriba da mesa e di que cando se corta e se pega non se controla o que se está facendo e iso é o que pasa que as bases son un corta e pega que non se adapta as necesidades do concello de Muros e como ben dixo o señor interventor as bases teñen que adaptarse á normativa pero non cabe dúbida que iste é un documento político e non houbo quen marcara os criterios porque non sabe como se vai a aprobar, quen vai a aprobar e que o seu grupo cree que é un documento importante é necesario e por iso insiste en que quede enriba da mesa e que o que se fixo foi facelo a presa seguramente para que o pleno non quedara baleiro e o que vai a suceder e que veñan ao pleno rectificación tras rectificación porque o que sucede é que é un documento coxo.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén o Sr García Fernández para dicir que eles insisten en que se aproben estas bases porque a burocracia non pode ser quen impida que esas asociacións culturais teñan as súas subvencións para as actividades e que aínda que efectivamente podería ser un documento mellor e necesario que as asociacións culturais podan acceder a esas subvencións e que hoxe se aprobe e mañá se se pode se convoquen xa esas axudas.

Intervén a alcaldesa para dicir que o seu grupo tamén considera importante aprobar estas bases e por iso se trouxo a este pleno e as mesmas non deberían causar problemas porque son basicamente as mesmas que as de anos anteriores faceremos esas modificacións sobre que son gastos correntes e non de investimento e que cree que o máis importante é que salga a convocatoria canto antes.

Sometido o ditame a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: Grupo municipal Compromiso por Galicia (D. María Xosé Alfonso Torres. D. Jose Manuel Quintela Fernández, D. Jose Antonio Uhía Martínez) Grupo municipal BNG (D. Manuel María García Fernández
D^a Paula Simal Mayo)

Abstencións: Grupo municipal Partido Popular (D^a M^a Inés Monteagudo Romero , D. José Ángel Hermida Simil, D^a Alianza Uhía Patiño, D. Jose Vázquez Rama)
Grupo municipal socialista (D^a Sandra Maneiro Pais D^a Caridad González Cerviño, D. Enrique Riomayor Caamaño, D^a M^a del Rosario Fernández Piñeiro

En consecuencia queda aprobado o ditame de aprobación inicial das bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións á entidades para a realización de actividades culturais. (Expediente 534/2019) nos términos nos que foi presentado.

II.- MOCIÓNS URXENTES

Como xa se falou ao inicio da sesión a Sra. Alcaldesa e de acordo co exposto pola secretaria, procede a someter a urxencia a inclusión no orde do día dunha moción do grupo municipal do BNG sobre a situación pola que están a pasar os veciños e veciñas de Muros ante o inminente peche da escola infantil privada de 0-3 anos no termo municipal de Muros.

Para maior seguridade xurídica a secretaria da corporación dí que unha vez incorporada á sesión a moción para instar á Xunta de Galicia, e antes de proceder a certificar o punto e trasladalo á Comunidade Autónoma, sería convinte entregar para a seu coñecemento polos voceiros de todos os grupos políticos da corporación do borrador do hoxe acordado.

Sometida a urxencia a votación esta é aprobada por maioría absoluta do número legal de membros da corporación 13 Co que procede incluíla na orde do día.

Pregunta a alcaldesa se quere intervir algún concelleiro ou se procedese xa votar a moción



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a Sra Monteagudo Romero dicindo que eles traían un rogo e unha pregunta a este respecto porque sabían o do peche da gardaría privada e para saber se dende o goberno municipal se estaba a facer algo ao respecto e que eles están facendo xestións falando coa consellería de política social e con moitos dos pais afectados e que esperan que se acade algunha solución. Quen non é unha boa nova o peche da gardaría, que creen que hai algunha outra fórmula e falamos coa Consellería e que o mellor e que se tomen medidas canto antes.

Intervén a Sra González Cerviño que para eles é importante para o pobo que é que non saben como viña redactada a moción do BNG pero non queren que sexa obxecto dun rogo senón como un punto da orde do día do pleno ou polo menos dunha moción e visto que o problema xa o tiñamos enriba e lle consta que a propietaria da gardaría privada estivo en contacto co concello e este non tomou ningunha medida ao respecto creen que é importante que hoxe se tome un acordo no pleno para que canto antes se poñan todas as ferramentas necesarias para conseguir que os veciños e veciñas de Muros poidan ter acceso a unha gardaría cando agora non a teñen porque parece que a guardería de Esteiro está chea de xente de Serra de Outes a criterio da Xunta de Galicia aínda que pensa que o criterio debería ser a prioridade dos veciños e veciñas de Muros porque foi solicitada e instada polo concello de Muros e se está subvencionando con fondos do concello de Muros ou polo menos así era cando eles estaban no goberno e que o que está claro que isto é unha deixadez do goberno municipal porque non se debería chegar ata este extremo por iso que e necesario que canto antes se faga o necesario para solucionar este problema.

Intervén o Sr García Fernández para dicir que en primeiro lugar pediría que non se discrimine a ninguén polo seu lugar de nacemento e que eles tiñan presentado a Moción para que viñera na orde do día do pleno pero que falando cos pais e nais que teñen a problemática de quedar sen prazas para os seus nenos e nos comentaron que eles redactaran un documento e que lle deran entrada no concello e pensábamos que esa moción viría como un punto ou unha moción por parte do grupo de goberno pero a realidade e que non se trouxo e cando vimos que iso non aparecía por ningún lado foi cando decidiron presentar a Moción xa sabendo que ía fora de prazo pero pedindo que se engadira. Continúa dicindo que eles non teñen coñecemento do texto presentado polos pais e nais pero que seguro estarán de acordo co que poñan e que esperan que este problema se resolva canto antes e que entenden que a problemática da escola infantil é a problemática de cómo funciona o estado do benestar e que debería de garantirse unha educación con máis dignidade e xestionar co público o que se está deixando en mans privadas e suceda que unha empresa privada se canse da súa actividade e sen case avisar pechar a porta a prestación e non habería nada que dicir porque é unha empresa privada e no caso das escolas infantís de 0-3 anos todos os partidos políticos menos a ultra dereita entenden que hai que facela gratuíta. A nosa moción solicitaba un PAI sabendo que non pode ser a solución que ten que ser unha nova escola infantil e entendemos co procedemento é mais complexo

Intervén a Sra Monteagudo Romero para dicir que tampouco entende que che chamou a atención que non se fixera mención a este problema por iso traíamos un rogo porque entendemos que preguntas se as van a contestar no seguinte pleno, tendo en conta que este é o último.

Intervén a Sra González Cerviño para dicir que queren reiterar o mesmo e di que e lle dí ao representante do BNG que ela non quixo dicir a ninguén que non ten dereito a mandar os rapaces á gardaría pero si creen que nas bases para acceder a ese servizo público unha das prioridades reflexada na puntuación debería ser o estar empadroadado no concello e hoxe non estaríamos con este problema

Intervén o Sr García Fernández para dicir que o concello xa prioriza pero non exclúe.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Intervén a alcaldesa para dicir que con alusión á falta de previsión polo concello estamos ante unha competencia da Xunta de Galicia e a Galiña Azul e a consellería ten coñecemento de que hai lista de agarda e de que houbera necesidade de novas prazas. A escola infantil que pecha é unha entidade privada pouco pode facer cando a persoa que a está xestionando decide polos motivos que sexan económicos pero tamén persoais, deixar de xestionala.

Continúa dicindo que dende o momento que lle comunicaron un grupo de pais e nais que veu a falar con ela se puxeron a estudar diversas alternativas para ter mais ofertas de prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos no noso concello, ven punto de atención á infancia ou ben unha nova escola infantil como axudas para se se pode evitar o peche e estamos recadando información do coste que supón unha nova escola infantil e todo vai a ser remitido á consellería cunha solicitude formal e tamén copia das sinaturas que lles foron entregadas para a creación dunha nova escola infantil que supoñe que ó que se refire ao que entregaron aquí

A continuación lee literalmente o texto concreto que di:

“A partir do 1 de xullo do presente ano 2019 mais dunha vintena de nenos e nenas de idades comprendidas de 0 a 3 anos no núcleo muradán e contorna quedarán sen servizo de escola infantil debido ao peche da actual escola que é de carácter privado. As escolas infantís máis próximas son as Galiñas Azuis de Esteiro e Carnota as cales non posúen o número de prazas suficientes para cubrir a demanda xerada. Se non se pon remedio moitos pais e nais terán que deixar a vida laboral para dedicarse ó coidado dos seus cativos por todo iso os abaixo firmantes solicitamos a apertura dunha escola infantil 0-3 municipal que cubra a necesidade educativa e asistencial xurdida”

Cando lle mandemos a comunicación á Xunta de Galicia se pode acordar poñer a disposición un terreo municipal que se lle parece ben a todos os membros da corporación podería ser a antiga unitaria de Portugalete. Con isto o que quere dicir e que se está estudando todas as posibilidades.

A alcaldía pregunta á secretaria se quere dicir algo mais. Intervén a secretaria da corporación para dicir que cando se fixo a convocatoria do pleno asistín á alcaldesa e non se incluíu no pleno a moción porque instar ao goberno a facer algo non é unha moción senón un rogo xa que a competencia é ou ben da alcaldesa ou ben dos concelleiros nos que teña delegado. E agora se o que se fai é instar a Xunta de Galicia, si sería unha moción, e ao non estar ditaminada pola comisión informativa no punto de mocións urxentes.

E para poder acordar ter unha escola infantil de titularidade municipal debe constar de maneira previa e preceptiva un procedemento con toda a documentación precisa.

Intervén a alcaldesa para dicir que en canto a poñer en marcha unha nova escola infantil municipal teriamos que ver a as limitacións en materia de contratación de persoal e no gasto e poñelo en relación ca estabilidade orzamentaria do concello de Muros e está vía a pesar de todo tamén se está barallando pero é a máis dificultosa porque é a que mais obstáculos ten

Intervén o Sr García Fernández que di que presentan esta moción co obxecto de que sexa unha declaración institucional e procede á lectura da parte dispositiva, a moción é a seguinte:

MOCIÓN

Exposición de Motivos



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Proporcionar á poboación uns servizos públicos suficientes e de calidade resulta indispensable en concellos como o noso, que ano tras ano teñen que loitar contra o descenso demográfico e o envellecemento da poboación. O descenso da poboación infantil é un feito, e a única vía para frealo pasa por dotar as familias con fillos menores ao seu cargo de servizos de coidado que permitan conciliar a vida laboral e familiar.

A día de hoxe, en todo o concello de Muros hai 38 prazas públicas (máis 3 de emerxencia social) en escolas infantís de 0 a 3 anos, o cal supón menos do 30% da poboación comprendida entre estas idades só no noso concello. O inminente peche do establecemento privado que prestaba servizo a este concello ofrecendo outras tantas prazas fai que aquilo que sempre foi unha necesidade, a existencia de este servizo con carácter público, se converta agora tamén en urxencia.

Dende o BNG de Muros cremos que os nosos pequenos merecen unha escola pública en condicións onde poder desenvolver as súas habilidades e as interaccións con outros nenos e nenas da súa idade, pero ademais supón unha necesidade para un importante número de familias que precisan deste servizo para poder continuar coa súa vida laboral.

Sen esquecer nunca que o noso concello debe contar coas prazas necesarias para cubrir a demanda existente en unha escola infantil, pero con coñecemento de que é un proxecto que precisa tempo, e considerando a urxencia da situación, vemos necesaria a creación dun punto de atención á infancia (PAI) que permita a conciliación laboral e familiar mentres dita escola non pode abrir as súas portas xa que actualmente o concello conta coa existencia de varios centros de uso municipal que se poderían adaptar para este fin sen necesidade de levar a cabo grandes obras de reparación.

Polo anteriormente exposto, propoñemos o seguinte

Acordo

Instar ao actual goberno municipal a comezar os trámites precisos para a apertura dun punto de atención á infancia de titularidade municipal.

Despois das oportunas intervencións dos distintos grupos políticos e de acordo cos advertenciamos da secretaría xeral da corporación

Por unanimidade (13) acéptase a conversión desta moción como declaración institucional, sen que a secretaría xeral se manifeste en contrario, polo que o punto queda redactado e aprobado do seguinte xeito.

“Exposición de Motivos

Proporcionar á poboación uns servizos públicos suficientes e de calidade resulta indispensable en concellos como o noso, que ano tras ano teñen que loitar contra o descenso demográfico e o envellecemento da poboación. O descenso da poboación infantil é un feito, e a única vía para frealo pasa por dotar as familias con fillos menores ao seu cargo de servizos de coidado que permitan conciliar a vida laboral e familiar.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A día de hoxe, en todo o concello de Muros hai 38 prazas públicas (máis 3 de emerxencia social) en escolas infantís de 0 a 3 anos, o cal supón menos do 30% da poboación comprendida entre estas idades só no noso concello. O inminente peche do establecemento privado que prestaba servizo a este concello ofrecendo outras tantas prazas fai que aquilo que sempre foi unha necesidade, a existencia de este servizo con carácter público, se converta agora tamén en urxencia.

Dende o BNG de Muros cremos que os nosos pequenos merecen unha escola pública en condicións onde poder desenvolver as súas habilidades e a interaccións con outros nenos e nenas da súa idade, pero ademais supón unha necesidade para un importante número de familias que precisan deste servizo para poder continuar coa súa vida laboral.

Sen esquecer nunca que o noso concello debe contar coas prazas necesarias para cubrir a demanda existente en unha escola infantil, pero con coñecemento de que é un proxecto que precisa tempo, e considerando a urxencia da situación, vemos necesaria a creación dun punto de atención á infancia (PAI) que permita a conciliación laboral e familiar mentres dita escola non pode abrir as súas portas xa que actualmente o concello conta coa existencia de varios centros de uso municipal que se poderían adaptar para este fin sen necesidade de levar a cabo grandes obras de reparación.

Polo anteriormente exposto, o pleno da corporación por unanimidade

Acorda

Instar á Xunta de Galicia, para acadar unha solución, despois dos trámites precisos para que se poida acadar para o concello de Muros, ou a apertura dun punto de atención á infancia de titularidade municipal ou ben o estudo da viabilidade económica da posibilidade de contar cunha nova escola de educación infantil 0-3 de titularidade autonómica ou municipal”

III.- PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

2º.- Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía: da N.º. 100 ata a 380 E das Xuntas de Goberno Local de 14 de febreiro e 22 de febreiro de 2019.

O pleno dase por enterado

Dilixencia: Para facer constar que o interventor auséntase do salón de plenos co permiso da Presidenta.

3º.- Rogos e Preguntas.

Intervén a alcaldesa para en primeiro lugar contestar as preguntas do pleno pasado e di:

Preguntas do Partido Polular: sobre porqué non viñeron ao pleno os decretos e as Xuntas de Goberno local, soamente se trouxo ao pleno toda aquilo que estaba listo e preparado em secretaría



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Sobre a convocatoria das axudas a subvencións, se trouxeron e polo tanto este tema xa está respostado

Sobre os pregos do bar San Francisco neste momento se solicitou un informe técnico en urbanismo e contamos con que estea aberto no verán.

Sobre o mal estar veciñal da obra da Ribeira do Maio non temos constancia de iso

Preguntas do Partido Socialista: o partido socialista non fixo preguntas no pleno pasado

Preguntas do Partido BNG , sobre a capacidade ou vontade para resolver cuestións do pleno pasado non estaban resoltas e o que contesta é que o que faltou é persoal estable en postos clave como secretaria e intervención e colaboración de boa parte da oposición e de algunhas administracións como a Xunta

Sobre porqué a día de hoxe segue habendo persoal que non cobra trienios e porque segundo informes de secretaria, intervención e deputación e necesaria ter aprobada a Relación de Postos de Traballo

Sobre se se vai a regularizar a situación da brigada contra incendio, levamos tempo traballando para regularizar a situación de todo o persoal do concello e seguimos nese proceso.

Sobre o peche do camiño transversal no ancoradoiro, lle contesta o concelleiro de obras, José Manuel Quintela que di que entrou no concello unha solicitude para colocar uns portalóns e dado que estaba en servidume de tránsito e de acordo cas autorizacións de Costas tanto de Estado como da Xunta onde non poñían impedimento a que se colocaran sempre e cando se mantivera a servidume dicindo que a liña de tránsito é de seis metros dende a liña de dominio público terrestre

Intervén a alcaldesa para dicir que o que se fixo foi comprobar que se cumprían coas condicións que se poñían nesas autorizacións e dende o concello non podemos negarullo.

Sobre si se tiña empezado a limpar as praias, e aínda non a brigada de obras está con traballos moito mais urxentes e limparase en canto se poida e estase en proceso para contratar persoal para praias e brigadas.

Sobre se se retirou o golfiño da Bouga. Si e xa estaba retirado o día do pleno.

Rogos e preguntas grupo municipal popular

Intervén a Sra. Monteagudo Romero que dí:

“Se é posible, antes de rematar o mandato, que limpen as duchas da piscina, que temos queixas de moitos usuarios, que repoñan as baldosas rotas do paseo, que amañen as duchas e grifos das praias, que limpen os paseos, areas recreativas e parques infantís, aínda que sexa moito pedir, aínda que non o fixeran en catro anos, traten por favor de facelo neste mes e medio que queda, para poder empezar a campaña de verán nas mellores condicións.

Vivimos nesta lexislatura situacións difíciles, desde o seu inicio ata o seu remate, pero queremos despedirnos desta corporación da que formamos parte todos os que estamos aquí con boas palabras: sorte para as candidaturas que se presentan a estas eleccións, e grazias aos que viñestedes con ánimo



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

de traballar por Muros. As intencións, cadaquén saberá as súas, pero a nosa foi e é, sempre, ser leales e respectuosos coa xente que nos da a súa confianza.

Teño que mencionar, claro, a Ali e a Pepe, o seu apoio e alento constante durante todo este tempo foi vento que impulsou as nosas velas. Querevos!!!

Moitas gracias e boas noites”

Preguntas grupo municipal socialista

Non fan preguntas

Preguntas grupo municipal do BNG

Diligencia para facer constar que neste intre se fai entrega dun clavel roxo a cada un dos membros da corporación.

Intervén o Sr. García Fernández

“Hoxe é 25 de abril, último pleno ordinario desta lexislatura. Posiblemente, se fose cousa miña datar a última sesión plenaria na que participaría como portavoz do grupo municipal do bng, sería incapaz de escoller unha data mellor.

O 25 de abril de 1974 un grupo de militares demócratas derrocaron a 50 anos de fascismo no veciño país de Portugal. O Zeca Afonso sonaba na radio pública ao ritmo do “Grândola Vila Morena”, un dos grandes himnos antifascistas da historia, e as rúas de Lisboa e do resto do país enchíanse de caraveis e de sorrisos. “O povo é quem mais ordena”, cantaba o Zeca, e o pobo portugués ordenaba Liberdade. E aquí estamos hoxe, 45 anos despois da Revolución dos Caraveis, 43 anos e pico despois de que rematara a “Longa Noite de Pedra” no Estado español, a tres días de comprobar como o Fascismo tornará novamente ás institucións españolas, para, se son capaces, volver a tocar poder, rematando unha lexislatura municipal que foi de todo menos democrática.

No Pleno de Constitución descubrimos como o grupo do PSOE retorció a democracia para apoiar a investidura de quen non apoiaba en absoluto, co único obxectivo de procurar vela caer canto antes, mais errou no seu obxectivo. Quen recibiu este apoio, a pesar de saber que recibía unha mazá envelenada, aceptou o cargo, co fin de demostrar que non serían quen de tombala. E demostrouno, aguantou, mais a costa de que? Este movemento maquiavélico, no que dous grupos antepuxeron os seus intereses particulares aos intereses do conxunto da cidadanía, abocáronnos a unha lexislatura absolutamente precaria na que non sabemos quen gañou, mais sabemos que quen perdeu foi Muros. Desde o grupo municipal do bng temos a conciencia tranquila, sabedores de que todo o que fixemos nestes catro anos tiveron como único obxectivo un mesmo fin: Axudar no posible a que Muros non sufrise un bloqueo ao que estaba condenado polas estratexias partidistas.

E chegamos a este último pleno ordinario do mesmo xeito se desenvolveu toda a lexislatura. Un pleno no que os puntos do día son cuestións de trámite ou anomalías funcionais mais ningunha proposta para avanzar. Anomalías, que sufrimos por non ter aprobado uns orzamentos en catro anos de traballo. Foron moitas cousas que se quedaron no tinteiro, moitas delas de xeito incomprendible, como a RPT, a posta en marcha de acordos plenarios como o Noitebús, ou incluso outras máis mundanas como mover



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

un poste da luz. Queda para a historia desta corporación unha recua cuantiosa de reclamacións históricas que, mes a mes, denunciámos e que non obtiveron solución, so boas palabras. A conexión a internet de alta velocidade para as parroquias de Torea e Abelleira, o Repetidor de sinal de TV, o Bar San Francisco, as obras ilegais da Illa da Creba e outras tantas reivindicacións que, a bo seguro terán solución na próxima lexislatura, na que estou convencido de que o bng terá un papel protagonista.

E para que isto pase, será preciso que todas e todos reflexionemos sobre cal foi o noso papel nestes catro anos. So aprendendo dos erros, evitaremos repetilos.

Eu despídome hoxe, xunto con outros compañeiros e compañeiras que non repetimos nas listas como Ali, Pepe ou Quique, desta corporación. Foi para min, a pesar das dificultades, das falsas acusacións, da mentiras, un auténtico pracer facer de portavoz de 771 veciñas que nos apoiaron fai catro anos, e das que estou convencido que se sentiron ben representadas. Pídvos a quen representaredes á veciñanza de Muros na próxima lexislatura que reflexionedes e que actuedes con altura de miras. Non podemos permitir que o nacionalismo español gañe poder, o bng evitarao en Madrid cos seus dous probables escanos, e tamén procuraremos evitalo no noso Concello. Nun mes e un día, o pobo falará. Como cantaba O Zeca, que sexa o pobo o que máis ordene. 25 de Abril Sempre!”

Rematados os asuntos a tratar na orde do día Intervén a alcaldesa para dar a palabra a unha veciña do concello de Muros que lee un escrito que é do teor literal seguinte:

“Boas tardes a todos,

Todos os veciños que asistimos hoxe ao pleno, xunto a outros que non puideron asistir, vimos denunciando ante a Alcaldía por diferentes medios todos os danos que estamos a sufrir pola actividade do local “TRES PORTAS”, local que todos os presentes sabemos onde se sitúa.

Despois de moitos meses, por non falar xa en anos, comunicando a gravidade do asunto, vémonos na obriga de reiterar novamente unha intervención activa e comunicar o noso descontento pola carencia de solucións, responsabilidade tanto a Alcaldesa como as Forzas e Corpos de Seguridade que operan no noso municipio.

Para que todos saibades do porqué da nosa asistencia, a veciñanza do Chalón, a Rúa do Hospital, a Fonte Vella e a Rúa Real convivimos dirariamente cun punto de venta e consumo de drogas, tanto no propio local como no exterior do mesmo. Este tipo de actividades prodúcense a calquer hora do día durante os sete días da semana e a vista de todo o mundo, incluíndo a nenos. Esta situación deriva dunha morea de problemas: suciedade, incumplimento horario, cans perigosos soltos ou sen vozal, riscos tanto para os adultos coma os máis pequenos, xa que se están atopando xiringas no vecindario, motos e bicicletas a velocidade inadecuada, gritos dos clientes e música alta no establecemento a distintas horas do día, pelexas entre os clientes do local, tanto no exterior como no interior, ata chegares a meterse cos propios veciños, comezando por comentarios sexistas e rematando con ameazas por clientes do local, chegando a ser ate ameazas morte. O feito de que sexan realizadas por persoas que se atopan baixo o efecto de sustancias estupefacentes, que son consumidoras habituales das mesmas, non resulta para nada tranquilizador. Como tampouco o é que ditas ameazas proveñan en ocasións do propietario do establecemento ou dos seus traballadores.

A falta de efectivos policiais aos que permanentemente se recorre para xustificar ese comportamento omisivo, é en todo caso unha problemática xerada pola propia Alcaldía que durante estes catro anos non preveu a renovación da plantilla da policía local mediante a cobertura de prazas vacantes ou das xubilacións que se foron producindo, e por outro lado concede o paso á segunda actividade a axentes (o cal non resulta obrigatorio) a pesares do déficit de plantilla que existe.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

É evidente que as reunións das Xuntas Locais de Seguridade non están servindo para absolutamente nada en este caso, e que non se están adoptando as medidas correctoras da situación. En nalgúns casos, despois de reiteradas chamadas de gran parte do vecindario, houbo policías que se mofaron de nós e nin se dignaron a facer o seu traballo cando lle pedíamos que se pasarán polo local cando a situación estaba sendo insoportable.

Non quixeramos pensar que detrás de esta deixadez de funcións que se está producindo por parte das autoridades existe algún tipo de espurio interés. O que si é evidente é que estamos ante unha situación insostible, que pode empeorar aínda máis. E que ninguén se equivoque, como pasé algo máis grave aínda, que alguén resulte ferido, algún atropelo, algún neno ou maior se pinche con unha xiringa ou incluso algo que non teña solución, é evidente que o primeiro responsable será o autor, pero seguidamente esa responsabilidade, xa sexa legal, moral ou ambas, recaerá sobre quen ten a responsabilidade de exercer a autoridade no pobo e non o está facendo.

Polo tanto, que máis temos que facer os veciños para que se tomen as medidas necesarias e podamos vivir tranquilos?

Rogamos que entre todos os grupos políticos solucionedes este gran problema social que estamos a sufrir a escasos metros da casa do Concello.”

Intervén a alcaldesa que agradece aos veciños que viñeran ao pleno a trasladar a súa problemática a pesar de que lle culpen é ten que dicir que non ten nada sólido co que actuar e dende o primeiro día se lle trasladou á policía local que foran a miúdo e incrementaran as rondas, se falou en varias ocasións ca garda civil e houbo actuacións da garda civil, se tomaron medidas ca terraza que era un elemento que provocaba problemas e as cousas deben de facerse con todo ben fundamentadas porque senón a persoa que estea causando molestias aínda pode salir reforzada se a xustiza lle da a razón e se tomaron todas as medidas que se podían tomar dende esta alcaldía se crea ou non se crea.

Este documento gráfico xunto con outros se é posible serán remitidas ao ministerio fiscal que é practicamente o único que nos queda por facer. E sinte o problema que están tendo pero non pode facer nada mais. Reitera as grazas por vir.

Dito isto continúa a alcaldesa dicindo que efectivamente esté e é o último pleno ordinario, que aceptou o seu cargo que por decisión da voceira do grupo socialista non saíu elixido o grupo con mais votos populares e estiveron gobernando estes catro anos cun gran esforzo como cree que é evidente e fixeron cos medios que tiñan e as trabas que tiñan todo o que puideron. Quere agradecer as persoas que viñeron e non van a estar todo o seu traballo tanto do grupo da oposición como do meu grupo e desexa nas próximas eleccións municipais sorte para todos e que todo se desenvolva pacificamente e con tranquilidade e democracia, que é o mellor para o concello de Muros. Di “Boa noite, grazas a todos por vir e ata máis vemos”.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente